DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 7 | Mércores, 10 de xaneiro de 2018 | Páx. 1804

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

*RESOLUCIÓN do 2 de xaneiro de 2018 pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por este ente público no terceiro cuadrimestre do ano 2017.*

Para os efectos previstos no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro), acórdase darlles publicidade aos convenios de colaboración subscritos polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega) no segundo cuadrimestre do ano 2017 e que se relacionan no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2018

Ángel Bernardo Tahoces
Director do Instituto Enerxético de Galicia

ANEXO

Nº: 1.
Título: Convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Fundación Empresa-Universidade Galega (Feuga) para a formación práctica de titulados do Sistema Universitario Galego (SUG) e de formación profesional a través do programa de becas de formación.
Obxecto: establecer as condicións de colaboración entre o Inega e Feuga para a formación práctica de titulados do Sistema Público Galego a través dos seus programas de bolsas (PB), co fin último de potenciar a formación dos recentes titulados e preparar a súa futura incorporación ao mercado laboral.
Sinatura: 1 de setembro de 2017.
Importe: 30.000,00 €.

Nº: 2.
Título: Convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), e a Asociación Clúster da Xeotermia Galega (Acluxega) para actividades de divulgación, difusión, promoción e formación sobre xeotermia en Galicia.
Obxecto: establecer as condicións da colaboración entre o Inega e Acluxega para a realización de actividades relacionadas co fomento da xeotermia en Galicia durante o 2017, asignando os recursos necesarios para levalas a cabo.
Sinatura: 20 de outubro de 2017.
Importe: 15.000 €.

CVE-DOG: kikyope9-cua8-elc9-gkh5-1g2mpsfdfl04